

Información Académica

3º ESO

Curso 2022-23




Fonte da imaxe: [Pixabay](#)

Begoña Otero Riobó

Departamento de Orientación

IES Monte Carrasco

ESTRUTURA DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA



4º ESO

O curso de 4º de ESO ten carácter orientador tanto para estudos postobrigatorios como para a vida laboral.

Ademais, das materias comúns e obrigatorias, o alumnado cursará 4 materias máis. Estas materias poden organizarse en **itinerarios**:

- Os itinerarios confórmanse coas outras 4 materias que completan as comúns e obrigatorias.
- Non son máis que combinación de materias cun sentido orientador.
- Cada alumno cursará, como mínimo, 3 materias de opción e 1 optativa; podendo cursar como optativa unha das materias de opción non escollida.
- Por calquera dos itinerarios se acadan as competencias clave e, polo tanto, o título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria.

Materias comúns e obrigatorias para todo o alumnado

Matemáticas A / B	4 h/ semanais
Xeografía e Historia	3 h/ semanais
Lingua Castelá e Literatura	3 h/ semanais
1ª Lingua Estranxeira (Inglés).....	3 h/ semanais
Educación Física	2h/ semanais
Lingua Galega e Literatura	3 h/ semanais
Relixión / Proxecto Competencial.....	1 h/ semanal
Titoría	1 h/ semanal

ITINERARIOS 4º ESO O 1º que tes que facer é escoller e marcar que itinerario escolles. A continuación, dentro de cada itinerario, deberás escoller as materias que queres cursar. En total, cursarás 4 materias.		
<input type="checkbox"/> ITINERARIO 1 Orientado a cursar un bacharelato de Ciencias e Tecnoloxía Aconséllase cursar matemáticas B.	<input type="checkbox"/> ITINERARIO 2 Orientado a cursar un bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais.	<input type="checkbox"/> ITINERARIO 3 Orientado a cursar Formación Profesional ou bacharelato de Artes.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Física e Química 	Escolle 1 ou 2 <ul style="list-style-type: none"> ○ Latín ○ Economía e Emprendemento 	Escolle 1, 2 ou 3 <ul style="list-style-type: none"> ○ Expresión Artística ○ Música ○ Tecnoloxía
Escolle abaixo 2	Se arriba escolliches 1, debes escoller abaixo 2	Se arriba escolliches 1, debes escoller abaixo 2; se escolliches 2, debes escoller abaixo 1; se escolliches 3, non escollas ningunha.
<ul style="list-style-type: none"> ○ Bioloxía ○ Tecnoloxía ○ Francés ○ Dixitalización ○ Expresión Artística 	<ul style="list-style-type: none"> ○ Música ○ Expresión Artística ○ Francés ○ Dixitalización 	<ul style="list-style-type: none"> ○ Dixitalización ○ Francés ○ Formación e Orientación Persoal e Profesional
Numera as seguintes materias por orde de preferencia. Só cursarás unha.		
<ul style="list-style-type: none"> ○ Cultura Clásica (*) ○ Oratoria (*) ○ Filosofía ○ Expresión Artística ○ Música ○ Bioloxía ○ Tecnoloxía ○ Francés ○ Dixitalización 	<ul style="list-style-type: none"> ○ Cultura Clásica(*) ○ Oratoria (*) ○ Filosofía ○ Música ○ Expresión Artística ○ Francés ○ Dixitalización ○ Formación e Orientación Persoal e Profesional. ○ Tecnoloxía 	<ul style="list-style-type: none"> ○ Cultura Clásica (*) ○ Oratoria (*) ○ Filosofía ○ Dixitalización ○ Francés ○ Formación e Orientación Persoal e Profesional
(*) Só poderás cursala se non a cursaches en 3º.		

Todas as materias dos itinerarios teñen unha duración de 3 h. semanais Lembra que para poder impartir unha materia ten que haber un número mínimo de alumnado. Polo que, non se pode garantir que se respecte na súa totalidade a túa elección.

Ademais, poderás cursar en inglés a materia de bioloxía e xeoloxía.

Avaliación e promoción na ESO

- Haberá 3 sesións de avaliación parciais.
- A sesión da terceira avaliación parcial da educación secundaria obrigatoria deberá coincidir coa sesión de avaliación final.
- A cualificación definitiva das materias farase efectiva na avaliación final do curso.

Promoción


- Ao finalizar cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa promoción. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo ao grao de consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias clave establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno, e tendo en conta os criterios de promoción.
- Acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores.
- Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén **todas** as condicións seguintes:
 - Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco
 - Que a suma dos períodos lectivos semanais das materias ou dos ámbitos con avaliación negativa non sexa superior a dez. Para estes efectos, non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición
 - Que o equipo docente considere que:
 - as materias ou os ámbitos con avaliación negativa non lle impiden seguir con éxito o curso seguinte.
 - ten expectativas favorables de recuperación.

- considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

Hai que ter en conta, ademais, que:

- Cada curso solo se pode repetir unha vez.
- Podemos repetir como máximo 2 veces ao longo do ensino obrigatorio.
- Podemos permanecer escolarizados ata os 16 / 18 anos

E despois da ESO, que...



1. Con Título de Graduado en ESO



a) Bacharelato:

- ✓ O Bacharelato é unha etapa postobrigatoria do sistema educativo
- ✓ É necesario ter o Título de Graduado en ESO para acceder.
- ✓ Comprende dous cursos académicos, 1º e 2º, e podemos permanecer 4 cursos como máximo.




b) Formación Profesional

A finalidade da Formación Profesional é a preparación do alumnado para a actividade nun campo profesional e a súa capacitación para o desenvolvemento cualificado das diferentes profesións.

A formación profesional ordénase en **27 familias profesionais** –grupo de ocupacións– que configuran un sector económico e concorren nunha mesma actividade produtiva.



Á súa vez, as familias profesionais están constituídas por ciclos formativos (grao básico, grao medio e grao superior) co obxectivo de formar profesionais de cada sector profesional con máis capacitación e máis cualificación. Cada ciclo formativo comprende un conxunto de módulos profesionais de formación teórica e práctica.



Cada ciclo ten, polo xeral, unha duración de 2 cursos. Coa superación dun nivel da Formación Profesional, teremos acceso ao nivel seguinte, sen necesidade de superar proba algunha, aínda que só se reservan unha porcentaxe do total das prazas ofertadas.

Acceso á Formación Profesional



Opcións se remato a ESO sen Título de Graduado en ESO

Opcións para o alumnado que remata a ESO sen título

Rematamos a ESO sen título

Educación Secundaria de Adultos (ESA)	Proba de acceso a Ciclos	Proba Libre de título da ESO	FP Básica
---------------------------------------	--------------------------	------------------------------	-----------

19

a) Obtención do Título de Graduado por outras vías:

- ✓ **Educación Secundaria de Adultos (ESA)**, tes que ter cumpridos os 18 anos no momento do inicio do curso. En Cangas, se imparten a ESA no IES de Rodeira en réxime presencial. Podes preguntar polo réxime a distancia ou semipresencial.
- ✓ **Proba libre para a obtención do Título:** cada ano a Consellería de Educación convoca probas libres para a obtención do Título de Graduado en ESO.
- ✓ **Formación Profesional Básica:** Son programas de iniciación profesional destinados ao alumnado que non acade os obxectivos da ESO e que teñen como finalidade proporcionarlle unha formación básica e profesional que lle posibilite incorporarse á vida laboral ou proseguir os estudos posteriores.

Que **requisitos** hai que cumprir para acceder a estes programas?

- Ter entre 15 e 17 anos cumpridos no ano de incorporación ao programa.
- Non estar en posesión do título de ESO.

- Ter cursado 3º de ESO e excepcionalmente 2º de ESO.
- Ser recomendado polo equipo docente e polo Orientador.
- Ter o consentimento do pai/nai/ titor/a legal.

De quedar prazas vacantes, completaranse os grupos con persoas que cumpran 18, 19 ou 20 anos no ano de inicio do ciclo formativo e non teñan estudos secundarios completos.

A superación de todos os módulos dun Ciclo de Formación Profesional Básica conduce á obtención do Título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria.

Outras opcións:

Proba de acceso a ciclos formativos de grao medio: podes presentarte a partir do ano en que cumpres os 17 anos. A superación da proba dá acceso a calquera ciclo formativo de grao medio en todo o territorio español.

SE NECESITAS MÁIS INFORMACIÓN

PONTE EN CONTACTO COA ORIENTADORA